



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 472
3 de maio de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (10/PL-000013)

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 49473) [159350](#)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 49476) [159368](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (docs. núms. 49478 e 49526) [159376](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 49490) [159391](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 49108 (10/MOC-000138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral, en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 31757, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019) [159340](#)

■ 49122 (10/MOC-000139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 29767, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019) [159341](#)

■ 49139 (10/MOC-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 43462, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019) [159341](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

I 11763 (10/PNP-001067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

[159341](#)

I 48556 (10/PNP-003668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

[159342](#)

I 48955 (10/PNP-003699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre

[159343](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 44048 (10/PNP-003282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite

[159344](#)

I 48944 (10/PNP-003698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

[159344](#)

I 49151 (10/PNP-003716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110

[159344](#)



Rexeitamento da iniciativa

I 44420 (10/PNP-003314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia [159345](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Retirada iniciativa en comisión

I 45814 (10/PNC-003693)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis

Sobre a dotación polo Goberno galego ao distrito sanitario do sur de Lugo dunha ambulancia de soporte vital básico con base en Monforte de Lemos e dunha ambulancia medicalizada [159346](#)

Aprobación sen modificacións

I 48661 (10/PNC-003929)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación cos criterios de repartición de fondos ás comunidades autónomas para políticas activas de emprego [159346](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 49214 (10/PNC-003979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas demoras que están a padecer as mulleres mariscadoras, percebeiras, redeiras e traballadoras da pesca artesanal no recoñecemento do dereito a unha prestación económica do sistema de Seguridade Social por risco durante o embarazo [159347](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 26011 (10/PNC-002000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre o restablecemento polo Goberno galego do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día e os 365 días do ano no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [159347](#)



I 42834 (10/PNC-003456)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación sanitaria da comarca do Salnés

[159348](#)**I 46558 (10/PNC-003743)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia da categoría profesional de técnico de Emerxencias Sanitarias mediante o establecemento dun protocolo de verificación do persoal

[159348](#)**I 47288 (10/PNC-003817)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei

[159348](#)**I 48002 (10/PNC-003882)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a inclusión dunha ambulancia de soporte vital básico as vinte e catro horas do día para o concello de Marín no novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urgente terrestre

[159348](#)**1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento****1.6.4. Valedor do pobo e adxunto ao valedor do pobo****I Debate e votación da proposta de cesamento da valedora do pobo**[159349](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (10/PL-000013)

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 2 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa cualificación co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 49473)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 49476)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (docs. núms. 49478 e 49526)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 49490)

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 29 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 49108 (10/MOC-000138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral, en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 31757, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)
BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.



- 49122 (10/MOC-000139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 29767, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 49139 (10/MOC-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 43462, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación con modificacións

- 11763 (10/PNP-001067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social BOPG nº 144, do 12.07.2017

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: rexeitado por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«A. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. Garantir e defender o cumprimento da cota de reserva establecida no art. 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social en toda a Administración pública galega.

2. Poñer en marcha unha campaña para fomentar a sensibilización e o coñecemento da lexislación vixente en materia de integración das persoas con discapacidade na empresa privada.

3. Garantir o cumprimento da lexislación en materia de contratos en relación co cumprimento da cota de reserva ou das medidas alternativas para acceder a contratos públicos do sector público autonómico, así como introducir cláusulas sociais na contratación pública que incentiven as empresas que implanten medidas para o impulso da inserción laboral de persoas con discapacidade, entre outras.

B. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1. Reforzar as actuacións da Inspección de Traballo na vixilancia do cumprimento da cota de reserva de emprego para persoas con discapacidade, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

2. Promover unha reforma da lexislación para seguir mantendo a prestación familiar por fillo con discapacidade a cargo, no caso de que este teña uns ingresos anuais procedentes de rendementos do traballo por enriba do 100 por cento do SMI.»

- 48556 (10/PNP-003668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1, 2, 3 e 5: aprobados, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

Punto 4: rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego ás seguintes actuacións:

1. Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalizar e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.



2. Realizar xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de esixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa Unitono en Ourense e dos postos de traballo actualmente existentes.

3. Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar a carga de traballo necesaria para manter e actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4. Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galicia.»

- 48955 (10/PNP-003699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado por 51 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.

Punto 2: aprobado por 37 votos a favor, 14 votos en contra e 19 abstencións.

Punto 3: aprobado pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:

— Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga ningunha.

— Que, de tramitarse unha modificación do Regulamento de costas, se adapte á lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse á dita normativa.

— Que o procedemento de reforma do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas.»



Aprobación por unanimidade con modificacións

- 44048 (10/PNP-003282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, dotándoas de base territorial, incorporando xente moza a novas unidades produtivas ben dimensionadas, cun seguimento público e verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os e as produtoras do leite.»

- 48944 (10/PNP-003698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a solicitar ao Consello de Ministros do Goberno español a concesión discrecional de indulto para Manuel Antonio Martínez Lustres en relación á pena que se lle impuxo en autos de Procedemento Abreviado nº 121/2016 seguidos ante a Ilma. Audiencia Provincial da Coruña Secc. nº 1, na actualidade en trámite de Executoria co nº 18/2019, ou cando menos que se lle exima de entrar en prisión en canto non se resolva a petición de indulto.»

- 49151 (10/PNP-003716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis



Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110.

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia apoia a Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta consensuada para a implantación do estaleiro 4.0 en Ferrol -vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F110-, que suporá xeración dun número relevante de empregos e situará a Navantia na vangarda tecnolóxica do sector naval.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galicia, que establece que a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas nos sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego e comprometerse de forma activa coa busca de carga de traballo suficiente para a Ría de Ferrol que permita incrementar a actividade produtiva e o fomento do emprego de calidade.

2. Comprometerse nas negociacións activas para ditar de carga de traballo os estaleiros de Ferrol e evitar a previsible parada de produción e despedimentos dos anos que discorrerán entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

3. Dirixirse ao Goberno central para demandar:

a. Un maior compromiso coa diversificación industrial na comarca de Ferrol, desenvolvendo un programa e calendario de recuperación do mercado naval civil.

b. Que pare de desviar produción para o sur do Estado, ao tempo que os estaleiros da ría de Ferrol están próximos a entrar nunha parálise da produción e se comprometa en dotar de carga de traballo para evitar unha crise entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

c. O compromiso nos vindeiros exercicios orzamentarios das contías suficientes para a implantación do estaleiro 4.0 en Ferrol, axilizando ao máximo os seus prazos para garantir que se situará Navantia na vangarda tecnolóxica do sector naval. Para isto, deberá comprometerse cun incremento considerable dos fondos e da porcentaxe do PIB.»

Rexeitamento da iniciativa

- 44420 (10/PNP-003314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia
BOPG nº 423, do 31.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 2 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 45814 (10/PNC-003693)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis
Sobre a dotación polo Goberno galego ao distrito sanitario do sur de Lugo dunha ambulancia de soporte vital básico con base en Monforte de Lemos e dunha ambulancia medicalizada
BOPG nº 434, do 20.02.2019

Aprobación sen modificacións

- 48661 (10/PNC-003929)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación cos criterios de repartición de fondos ás comunidades autónomas para políticas activas de emprego
BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para retomar os criterios de distribución dos fondos ás comunidades autónomas para políticas activas de em-



prego, nos que se primaban as comunidades que, como Galicia, están a impulsar programas pioneiros e innovadores que favorecen a creación de emprego estable e con futuro.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 49214 (10/PNC-003979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas demoras que están a padecer as mulleres mariscadoras, percebeiras, redeiras e traballadoras da pesca artesanal no recoñecemento do dereito a unha prestación económica do sistema de Seguridade Social por risco durante o embarazo. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación xunto coa transacción da emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 49503, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

— Solicitar ao Goberno do Estado que leve a cabo as actuacións oportunas para garantir una maior simplicidade e axilidade na tramitación das prestacións por risco durante o embarazo en favor de mariscadoras, percebeiras, redeiras e traballadoras da pesca artesanal por parte da entidade á que lle corresponde esta tramitación, ben sexa o Instituto Social da Mariña ou as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

Moi especialmente, que non se lles solicite a estas traballadoras a achega de ningún documento non esixido pola normativa aplicable e que se leven a cabo os trámites precisos no prazo máis breve posible.

— A realizar un estudo sobre a situación laboral das mulleres traballadoras do mar: cotizacións, prestacións que reciben, coeficientes redutores..., para, con base neste informe, poder realizar as outras peticións das modificacións que procedan para mellorar a súa situación.»

Rexeitamento das iniciativas

- 26011 (10/PNC-002000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre o restablecemento polo Goberno galego do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día e os 365 días do ano no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

BOPG nº 264, do 21.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.



- 42834 (10/PNC-003456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación sanitaria da comarca do Salnés

BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación xunto coa emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 49500, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 46558 (10/PNC-003743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia da categoría profesional de técnico de Emerxencias Sanitarias mediante o establecemento dun protocolo de verificación do persoal

BOPG nº 437, do 27.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 47288 (10/PNC-003817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei

BOPG nº 444, do 13.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 48002 (10/PNC-003882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a inclusión dunha ambulancia de soporte vital básico as vinte e catro horas do día para o concello de Marín no novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación coa autoemenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 49501, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.4. Valedor do pobo e adxunto ao valedor do pobo

Debate e votación da proposta de cesamento da valedora do pobo

O Pleno do Parlamento, na sesión do 29 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

— Docs. núm. 48836 e 48900

Proposta de cesamento da valedora do pobo

Sométese a votación e o resultado é o seguinte: 34 votos a favor, 1 voto en contra e 38 abstencións, polo que resulta rexeitada a proposta de cesamento por non acadar a maioría requirida de 45 votos.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN
FARMACÉUTICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000013).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Débase engadir no punto 1 do artigo 1 o seguinte contido:
Engadir, despois de: "...atención farmacéutica..." o seguinte
texto: "...así como establecer os dereitos e obrigas que se
derivan da mesma...".

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Débase engadir ao final do artigo 1 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...tal que se promova un proceso mediante o
cal o persoal farmacéutico cooperen coas persoas pacientes e
coas profesionais da medicina e da sanidade, co obxecto de
que o tratamento medicamentoso produza os adecuados
resultados terapéuticos."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1 bis.

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co
seguinte contido:
"Artigo 1 bis. Competencias da Comunidade Autónoma
Correspóndelle á Comunidade de Galicia, no marco das súas
competencias, garantir a adecuada atención farmacéutica
dentro do seu ámbito territorial e en todos os niveis do Sistema
Sanitario, dispoñendo as medidas e mecanismos de
colaboración que resulten necesarios cos distintos axentes
implicados, tal que permita facer efectivo o dereito da cidadanía
á protección á saúde previsto na Constitución española e no
marco do Estatuto de autonomía de Galicia."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 2 bis.



Débase engadir un novo artigo 2 *bis* que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2 *bis*. Principios polos que se rexe a atención farmacéutica

1. Os centros, servizos e establecementos que prestan a atención farmacéutica participan cos poderes públicos na obrigação de garantir a saúde pública e fomentar entre os cidadáns a educación sanitaria.
2. As persoas licenciadas en farmacia son os únicos facultativos responsables da atención farmacéutica.
3. Todos os establecementos que presten servizos de atención farmacéutica deberán contar para o seu funcionamento coa presenza indispensable dunha ou máis persoas farmacéuticas responsables.
4. A dispensación farmacéutica prestarase unicamente a través dos establecementos que recolle o artigo 3 desta lei.
5. Os laboratorios, importadores, almacenistas, oficinas de farmacia de hospitais, servizos de farmacia de áreas de saúde e demais estruturas de atención á saúde están obrigados a fornecer ou dispensar os medicamentos que se lles soliciten.
6. As oficinas de Farmacia haberán de prestar os seus servizos segundo o seu mellor saber ou entender, e facilitarán calquera clase de subministracións farmacéuticas ou de medicamentos, substancias medicamentosas ou que poidan actuar sobre a saúde, así como os seus efectos e accesorios, nas condicións legalmente establecidas.
7. A dispensación de medicamentos deberá realizarse de acordo cos criterios básicos de uso racional que se establezan na normativa do medicamento, nos convenios internacionais e demais lexislación aplicable."

Emenda nº5, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 5

Débase modificar no punto 2 do artigo 5 o seguinte contido:
Onde di: "...calquera tipo de venda indirecta ao público...", debe dicir: "...calquera tipo de venda a domicilio ou calquera tipo de venda indirecta...".

Emenda nº6, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

Débase modificar no punto 1 do artigo 6 o seguinte contido:



Onde di: "...normativa aplicable, por unha oficina de farmacia situada na súa zona farmacéutica ou, por expresa...", debe dicir: "...normativa aplicable, por unhas das cinco oficinas de farmacia máis próximas ao seu domicilio ou das existentes nun radio de vinte e cinco quilómetros ou, por expresa...".

Emenda nº7, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao final do punto 1 do artigo 6 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...En todo caso sempre deberán ser cumpridas estritamente as garantías sobre a calidade e o control sanitario para calquera destas entregas, para o cal se incorporarán os métodos ou sistemas de control necesario, que deberán ser recollidos regulamentariamente."

Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao final do punto 2 do artigo 6 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Nesta misión poderán ser asistidos de xeito voluntario a través de concertos cos servizos municipais de axuda no fogar que se realicen."

Emenda nº9, ao apartado 1.a bis), de Adición. Artigo 7

Débase engadir no punto 1 do artigo 7 unha nova alínea que quedará redactada co seguinte contido:

"a bis) Garantir ás persoas usuarias do establecemento farmacéutico unha atención farmacéutica continuada de acordo coa planificación establecida pola consellería competente en materia de sanidade."

Emenda nº10, ao apartado 1.b bis), de Adición. Artigo 7

Débase engadir no punto 1 do artigo 7 unha nova alínea que quedará redactada co seguinte contido:

"b bis) Informar sobre o uso correcto e racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en especial no referente a



indicacións, posoloxía, precaucións, contraindicacións, interaccións e efectos adversos e calquera outros datos de interese, en concordancia cos coñecementos científicos vixentes."

Emenda nº11, ao apartado 1.b ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir no punto 1 do artigo 7 unha nova alínea que quedará redactada co seguinte contido:

"b ter) Substituír un medicamento prescrito, nos supostos e conforme aos requisitos xurídicos establecidos na normativa vixente sobre garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. En todo caso, o farmacéutico informará á persoa usuaria sobre a substitución e asegurarse de que coñeza o tratamento prescrito."

Emenda nº12, ao apartado 1.b quater), de Adición. Artigo 7

Débese engadir no punto 1 do artigo 7 unha nova alínea, que quedará rectada co seguinte contido:

"b quater) Manter unha adecuada e actualizada formación sobre o uso e administración de medicamentos e produtos sanitarios."

Emenda nº13, ao apartado 1.c bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir no punto 1 do artigo 7 unha nova alínea, que quedará redactada co seguinte contido:

"c bis) Participar nas campañas públicas de educación sobre o correcto uso dos medicamentos e produtos sanitarios dispoñibles nos establecementos farmacéuticos."

Emenda nº14, ao apartado 1.a bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir no punto 1 do artigo 8 unha nova alínea, que quedará redactada co seguinte contido:

"a bis) Contar cun adecuado seguimento farmacoterapéutico."



Emenda nº15, ao apartado 1.e, de Adición. Artigo 8

Débase engadir ao final da alínea e no punto 1 do artigo 8, o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "..., e en concreto de todos os datos persoais que se atopen a disposición do establecemento farmacéutico de que se trate e en particular os relativos ao seu estado de saúde e sobre os medicamentos e produtos sanitarios que lles sexan dispensados."

Emenda nº16, ao apartado 1.f, de Adición. Artigo 8

Débase engadir ao final da alínea f do punto 1 do artigo 8 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...e a ser atendidos por un farmacéutico ou farmacéutica se así o solicita."

Emenda nº17, ao apartado 1.f bis), de Adición. Artigo 8

Débase engadir no punto 1 do artigo 8 unha nova alínea, que quedará redactada co seguinte contido:

"f bis) Formular ante as autoridades competentes en materia sanitaria e de consumo cantas queixas, reclamacións e suxestións estimen necesarias en relación coa atención recibida."

Emenda nº18, ao apartado 1.f ter), de Adición. Artigo 8

Débase engadir no punto 1 do artigo 8 unha nova alínea que quedará redactada co seguinte contido:

"f ter) Empregar calquera dos idiomas oficiais de Galicia."

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 9

Débase modificar no artigo 9 o seguinte contido:

Onde di: "...obxección de conciencia, poderán adoptarse as medidas...", debe dicir: "...obxección de conciencia, deberán



adoptarse pola consellería competente en materia de sanidade as medidas..."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 10

Débase suprimir no punto 2 do artigo 10 a seguinte expresión:
Suprimir: "...cando tal tramitación sexa de competencia autonómica..."

Emenda nº21, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo punto no artigo 10, que quedará redactada co seguinte contido:
"2 bis. As autorizacións recollidas no punto anterior serán independente das autorizacións de carácter local necesarias."

Emenda nº22, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

Débase engadir no punto 2 do artigo 11 o seguinte contido:
Despois de: "...resolver...", engadir: "...de tres meses..."

Emenda nº23, ao apartado 3, de Adición. Artigo 11

Débase engadir no punto 3 do artigo 11 o seguinte contido:
Despois de: "...comprobarase...", engadir: "...pola consellería competente en materia de sanidade..."

Emenda nº24, ao apartado h bis), de Adición. Artigo 12

Débase engadir no artigo 12 unha nova alínea, que quedará redactada co seguinte contido:
"h bis) Participar de maneira eficiente nos procesos de retirada de medicamentos a instancia da consellería competente en materia de sanidade, coa colaboración, no seu caso, dos laboratorios fabricantes."



Emenda nº25, de Adición. Artigo 13

Débase engadir ao final do artigo 13 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...e independentemente dos procesos de contratación que pola consellería competente en materia de sanidade poidan realizarse."

Emenda nº26, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 14

Débase modificar o punto 2 do artigo 14, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Cando nunha oficina de farmacia se desenvolvan actividades de óptica, análises clínicas, ortopedia, audioprótese, nutrición ou calquera outra actividade sanitaria expresamente autorizada para o seu exercicio nos locais da oficina de farmacia, se garantirá o dereito das persoas usuarias a ser atendidas por profesionais con axeitada cualificación e formación nas distintas áreas, ben podendo ser exercida pola persoa titular ou mediante a correspondente contratación."

Emenda nº27, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 14

Débase suprimir o punto 3 do artigo 14.

Emenda nº28, de Adición. Artigo 14 bis.

Débase engadir un novo artigo 14 que quedará redactado co seguinte contido:

"14 bis. Rexistro de establecementos farmacéuticos

"Crease o Rexistro de establecementos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de sanidade, a cal corresponderá mantelo permanentemente actualizado e no que se inscribirán os establecementos farmacéuticos que se autoricen no seu ámbito territorial, indicando as súas principais características, que se establecerán regulamentariamente. O Rexistro terá natureza administrativa, carácter público, formato electrónico e finalidade informativa para as persoas usuarias."



Emenda nº29, ao apartado 4, de Adición. Artigo 16

Débese engadir ao final do punto 4 do artigo 16 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...debendo contar con procedementos ou protocolos que aseguren o correcto almacenaxe e conservación dos medicamentos e produtos sanitarios."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 16 bis.

Débese engadir un novo artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 16 *bis*. Reclamacións na atención farmacéutica.

"A consellería competente en materia de sanidade, en colaboración ca autoridade competente en materia de consumo, disporá dos mecanismos necesarios para que as persoas consumidoras e usuarias das oficinas de farmacia podan recoller as súas queixas, reclamacións e suxestións en relación á atención farmacéutica que lles presten, para o cal as oficinas de farmacia deberán dispoñer das correspondentes follas de reclamacións."

Emenda nº31, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 19

Débese modificar no punto 5 do artigo 19 o seguinte contido:

Onde di: "...herdeiros/as en primeiro grao estea cursando...", debe dicir: "...herdeiros/as en primeiro e segundo grao estea cursando..."

Emenda nº32, ao apartado 1, de Adición. Artigo 20

Débese engadir no punto 1 do artigo 20 o seguinte contido:

Despois de: "...farmacéutico/a substituto/a...", engadir: "...indicando a causa e o prazo previsto da substitución, que fará público para xeral coñecemento..."



Emenda nº33, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 21

Débese engadir no artigo 21 un novo punto que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. A contratación realizarase de conformidade co establecido na lexislación laboral sendo obrigada, así mesmo, a afiliación ao réxime correspondente da Seguridade Social."

Emenda nº34, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 22

Débese engadir no artigo 22 un novo punto, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. Da resolución das autorizacións de nomeamentos recollidos nos puntos anteriores, se dará conta para xeral coñecemento a través da páxina web da consellería competente en materia de sanidade."

Emenda nº35, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir o artigo 23.

Emenda nº36, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 25

Débese modificar o punto 3 do artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. Todo o persoal que preste calquera servizo nas oficinas de farmacia deberá levar o distintivo que o identifique persoal e profesionalmente."

Emenda nº37, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26

Débese engadir no punto 1 do artigo 26 o seguinte contido:

Despois de: "...de cor verde...", engadir: "...exclusivas para as oficinas de farmacia..."

Emenda nº38, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26



Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 26 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Poderán instalarse tantas cruces como número fachadas teña a oficina da farmacia canso esta dea a diferentes rúas."

Emenda nº39, ao apartado 2, de Adición. Artigo 26

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 26 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...ademais daquelas outras no seu caso necesarias."

Emenda nº40, ao apartado 6, de Adición. Artigo 27

Débese engadir no punto 6 do artigo 27 o seguinte contido:

Despois de: "...deberá ser comunicado...", engadir: "...previamente a súa entrada en vigor..."

Emenda nº41, ao apartado 7, de Adición. Artigo 27

Débese engadir ao final do punto 7 do artigo 27 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...debendo realizarse nos dous idiomas oficiais de Galicia."

Emenda nº42, ao apartado 7 bis), de Adición. Artigo 27

Débese engadir un novo punto no artigo 27 que quedará redactado co seguinte contido:

"7 *bis*. As oficinas de farmacia no momento que realicen quendas de garda poderán contar cun dispositivo adecuado para proceder á dispensación de medicamentos sen que sexa necesario que a clientela penetre no seu interior, de acordo ao disposto na normativa sobre seguridade privada que resulte aplicable."



Emenda nº43, ao apartado 1, de Adición. Artigo 28

Débase engadir ao final do punto 1 do artigo 28 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...tal que poda garantirse o obxectivo de que en cada zona farmacéutica exista ao menos unha oficina farmacéutico."

Emenda nº44, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 28

Débase suprimir o punto 2 do artigo 28.

Emenda nº45, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 30

Débase modificar o punto 2 do artigo 30, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. En cada concello de máis de 1.000 habitantes deberá haber, canto menos, unha oficina de farmacia, e no resto, de non existir, deberá garantirse unha botica anexa."

Emenda nº46, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 30

Débase engadir no artigo 30 un novo punto, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. Nos municipios que tiveran a cualificación de turísticos, a consellería competente en materia de sanidade, de acordo co concello, poderá establecer, un módulo complementario, durante os meses que tivera lugar tal incremento, para o cal establecerá regulamentariamente una serie de parámetros obxectivos, tales como prazas utilizadas en hoteis e aloxamentos temporais, vivendas de segunda residencia, etc., tal que permitan posibilitar a apertura de algunha oficina de farmacia complementaria."

Emenda nº47, ao apartado 1, de Adición. Artigo 31

Débase engadir ao final do punto 1 do artigo 31 o seguinte contido:



Engadir *in fine*: "...No caso de novos emprazamentos de centros sanitarios, a consellería competente en materia de sanidade realizará as actuacións oportunas co obxectivo de dar cumprimento a distancia establecida."

Emenda nº48, de Adición. Artigo 32

Débese engadir ao final do primeiro parágrafo do artigo 32 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Previamente a súa aprobación se remitirá ao Parlamento de Galicia para que sexa obxecto de tratamento."

Emenda nº49, de Modificación. Artigo 32

Débese modificar no quinto parágrafo do artigo 32 o seguinte contido:

Onde di: "Os concellos ou os colexios...", debe dicir: "As administracións locais eos colexios..."

Emenda nº50, de Modificación. Artigo 32

Débese modificar o cuarto parágrafo do artigo 32 que quedará redactado co seguinte contido:

"O Mapa farmacéutico debера ser revisado cando se detecten alteracións significativas no padrón ou outras circunstancias que conleven cambios nas necesidades de atención farmacéutica dunha ou varias zonas, e canto menos, cada oito anos."

Emenda nº51, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 34

Débese modificar no punto 1 do artigo 34 o seguinte contido:

Onde di: "...adxudicación iniciaranse de oficio e axustaranse...", debe dicir: "...adxudicación poderá iniciarse por petición dos concellos, por petición dos colexios oficiais de farmacéuticos ou de oficio pola consellería competente en materia de sanidade e axustaranse..."



Emenda nº52, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 48

Débese engadir un novo punto no artigo 48, que quedará redactado co seguinte contido:

"1 *bis*. O procedemento para a autorización dunha botica anexas se poderá iniciar a petición dos órganos de goberno do concello no que estea radicado o núcleo de poboación onde se pretenda instalar ou de oficio pola administración sanitaria."

Emenda nº53, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 48

Débese modificar no punto 2 do artigo 48 o seguinte contido:
Onde di: "...mapa farmacéutico poderán indicarse...", debe dicir:
"...mapa farmacéutico deberán indicarse..."

Emenda nº54, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 49

Débese suprimir no artigo 49 a seguinte expresión:
Suprimir: "...sempre e cando se estime absolutamente necesaria..."

Emenda nº55, ao apartado 2, de Adición. Artigo 50

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 50 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...deberá ser comunicada ao concello correspondente e terá a súa correspondente indicación no mapa farmacéutico."

Emenda nº56, de Adición. Artigo 71 bis.

Débese engadir un novo artigo 71, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 71 *bis*. A visita médica en centros sanitarios do Sergas

1. A información e promoción de medicamentos que se pretenda efectuar nos centros sanitarios dependentes do Sergas a través de visita médica, realizaranse de acordo ca planificación que se estableza e, en calquera caso, sen que se



produzan interferencias na correcta atención sanitaria das persoas pacientes, nin nas actividades de carácter formativo e docente do persoal profesional sanitario dos mesmos.

2. Os laboratorios que desexen realizar visita médica nos centros sanitarios do Sergas deberán efectuar previamente a correspondente comunicación á consellería competente en materia de sanidade, nos prazos y de acordo cos requisitos que regulamentariamente se establezan. De igual modo os centros que desexen recibila deberán poñelo en coñecemento de dito órgano.

3. De tales visitas elaborarase un Rexistro que será desenvolto regulamentariamente e onde deberán constas as principais características da visita efectuada, tales como a relación de medicamentos presentados, data das visitas, datos identificativos correspondentes, etc."

Emenda nº57, de Adición. Artigo 71 ter.

Débase engadir un novo artigo 71, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 71 ter. Comisión de Farmacia de Galicia.

1. A Comisión de Farmacia de Galicia constitúese como o órgano colexiado adscrito á consellería competente en materia de sanidade, das cuestións de participación e asesoramento en materia de planificación e ordenación farmacéuticas.

2. A Comisión asumirá as seguintes funcións:

a) Coñecer e informar os proxectos normativos en materia de planificación e ordenación farmacéutica.

b) Coñecer e informar sobre os concursos de oficinas de farmacias.

c) Coñecer as reclamacións recibidas en relación aos distintos servizos e establecementos farmacéuticos.

d) Coñecer e informar en relación aos servizos de urxencias e horarios ampliados.

e) Impulsar a coordinación e cooperación entre as oficinas de farmacia e os servizos farmacéuticos de atención primaria e especializada.

f) Informar sobre o Mapa farmacéutico.

g) Coñecer os datos de facturación ao Sergas das oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia. A tales efectos, o Sergas, en colaboración cos Colexios Oficiais de Farmacéuticos, elevará á Comisión de Farmacia de Galicia, para o seu coñecemento, a facturación anual de produtos



farmacéuticos financiados polo Sergas correspondentes ás oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Calquera outra funcións que lle sexa encomendada en materias da súa competencia.

3. A composición e normas de funcionamento interno da Comisión serán aprobadas regulamentariamente polo consello da Xunta de Galicia a proposta da consellería competente en materia de sanidade, si ben, necesariamente, haberán de estar integrados na mesma representantes dos Colexios oficiais de Farmacéuticos, dos concellos, das organizacións sindicais representativas do sector e das organizacións de usuarios e consumidores.

4. Na súa composición respectarase o equilibrio entre homes e mulleres."

Emenda nº58, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 73

Débase engadir un novo punto no artigo 73, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Cando os servizos de inspección dispoñan de indicios de posibles irregularidades que puideran derivar en condutas obxecto de sancións, ou en supostos de infracción flagrante, nestes casos, e acreditando a súa identidade a petición dos responsables do servizo de farmacia, estarán autorizados para:

a) Entrar libremente en todo centro ou establecemento regulado pola presente lei.

b) Proceder ás probas, investigacións e exames necesarios para comprobar o cumprimento da normativa farmacéutica.

c) Tomar o sacar mostras, en orde á comprobación do cumprimento do previsto na lexislación farmacéutica.

d) Realizar cantas actividades sexan precisas en orde ao cumprimento das funcións de inspección que desenvolvan.

O persoal inspector levantará acta co resultado da inspección, que poderá ser firmada xunto ao responsable do servizo de atención farmacéutica; a sinatura deste non suporá conformidade co contido da acta.

No suposto de apreciarse presuntas infraccións, as actas de inspección serán remitidas ao órgano competente, para a instrución dos procedementos sancionadores que se deriven do resultado da inspección efectuada."



Emenda nº59, de Adición. Artigo 73 bis.

Débase engadir un novo artigo 73, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 73 *bis*. . Plan anual de inspección farmacéutica
As actividades inspectoras, serán levadas a cabo de acordo co Plan anual de inspección, que deberá aprobarse previamente e ser de coñecemento público."

Emenda nº60, de Modificación. Artigo 80

Débase modificar no artigo 80 o seguinte contido:
Onde di: "...nove meses...", debe dicir: "...seis meses...".

Emenda nº61, de Adición. Disposición transitoria terceira

Débase engadir un novo parágrafo na disposición transitoria terceira, que quedará redactado co seguinte contido:
"A consellería competente en materia de sanidade, en función de criterios obxectivos e públicos, poderá establecer prazos máximos para o cumprimento de requisitos de acceso para os locais existentes de establecementos de atención farmacéutica, de acordo ao establecido no artigo 15 desta lei."

Emenda nº62, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir un novo parágrafo na disposición derradeira primeira, que quedará redactado co seguinte contido:
"Se establece un prazo máximo de oito meses para a aprobación do Regulamento de desenvolvemento desta lei."

Emenda nº63, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir un novo parágrafo na disposición derradeira primeira, que quedará redactada co seguinte contido:
"Se establece un prazo máximo de un ano para a aprobación do Mapa farmacéutico regulado no artigo 32 da presente lei."



Emenda nº64, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débese engadir un novo parágrafo na disposición derradeira primeira, que quedará redactada co seguinte contido:

"As oficinas de farmacias autorizadas en Galicia ata a data de entrada en vigor desta lei forman parte do Mapa da Comunidade Autónoma, declarándose de utilidade pública o mantemento, como mínimo, das actuais oficinas de farmacias, abertas ao público."

Emenda nº68, de Supresión. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do parágrafo catorce do terceiro epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...igualmente regúlase a visita médica en centros médicos sanitarios do Sergas."

Emenda nº65, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do cuarto parágrafo do segundo epígrafe da exposición de motivos:

Engadir *in fine*: "...,pudendo ser solicitado polos concellos ou Colexios profesionais de Farmacéuticos."

Emenda nº66, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no noveno parágrafo do segundo epígrafes da exposición de motivos o seguinte contido:

Despois de: "...poida ser prestada domiciliariamente...", engadir: "...sempre cumprindo estritamente as garantías sobre a calidade e o control sanitario para calquera desas entregas, para o cal se incorporarán os métodos ou sistemas de control necesario, que deberán ser recollidos regulamentariamente..."

Emenda nº67, de Modificación. Exposición de motivos



Débese modificar no décimo parágrafo do segundo epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di: "...no mapa farmacéutico se prevexa, xunto á...", debe dicir: "...no mapa farmacéutico debe preverse, xunto á...".

Emenda nº69, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un novo parágrafo (inmediatamente despois do catorce parágrafo) no terceiro epígrafe da exposición de motivos:

Engadir ao final: "...Por último neste título se crea a Comisión de Farmacia de Galicia, que constitúese como un órgano colexiado adscrito á consellería competente en materia de sanidade, das cuestións de participación e asesoramento en materia de planificación e ordenación farmacéuticas, indicando a súas funcións e establecendo as entidades que con carácter mínimo deben formar parte da mesma."

Emenda nº70, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no parágrafo dezasete do terceiro epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:

Despois de: "...para o seu desenvolvemento...", engadir: "...fixando períodos máximos para a aprobación do Regulamento ou do mapa farmacéutico...".

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/04/2019
15:56:18**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA DE GALICIA
(NUM. EXPE. 10/PL-000013).**

Emenda nº1, ao apartado 1.a).1º, de Adición. Artigo 3

Débese engadir no punto 1.a)1º a seguinte expresión:
"...e as oficinas públicas de farmacia"

Emenda nº2, de Adición. Artigo 4

Débese engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"Por razóns de seguridade e custodia da cadea de subministrados, queda prohibida a dispensación ou entrega de medicamentos devoltos polos/as pacientes."

Emenda nº3, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir no apartado 3 a seguinte expresión:
"...que non teñan a condición de mostrados..."

Emenda nº4, ao apartado 4, de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"4.Queda prohibida a venda de medicamentos por vía telemática."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Débese engadir no apartado 1, liña 8, despois de: "...oficina de farmacia..." a seguinte expresión:



"ou oficina pública de farmacia"

Emenda nº6, de Adición. Artigo 6.bis)

Débese engadir un novo artigo 6.bis) co seguinte texto:

“Artigo7.Control da adherencia terapéutica.

Coa finalidade de coñecer o grao de adherencia terapéutica e os posibles casos de non retirada dos fármacos e produtos prescritos o rexistro da retirada dos mesmos nas oficinas de farmacia ou oficinas públicas de farmacia será notificada ao profesional médico e enfermeiro de referencia.

Así mesmo a administración pública publicará trimestralmente os datos de adherencia de cada área e distrito sanitario e porá en marcha cantas medidas sexan precisas para tentar atallar as posibles causas económicas ou sociais de non seguemento dos tratamentos prescritos.”

Emenda nº7, ao apartado 4, de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

“4. Os establecementos e servizos de atención farmacéutica estarán suxeitos ao cumprimento da lexislación vixente, respetando os dereitos e liberdades contidos na mesma especialmente no que ten que ver co cumprimento da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e en todas aquelas que afecten á igualdade entre mulleres e homes.”

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o artigo 9.

Emenda nº9, de Adición. Capítulo I. As oficinas de farmacia públicas

Débese engadir un novo Capítulo ao Título II antes do que figura en primeiro lugar:

“ Capítulo I. As oficinas de farmacia públicas.



Artigo. 12. Definición.

Polo presente artigo creanse as oficinas de farmacia públicas coma establecementos pertencentes á administración autonómica e vinculadas ás unidades de farmacia dos centros de atención primaria do Servizo Galego de Saúde coa finalidade de proporcionar desde o sistema sanitario público a atención farmacéutica.

O persoal sanitario, tanto farmacéutico coma técnico, accederá as prazas que se creen mediante o disposto na normativa referente ao persoal estatutario.

Artigo. 13 Funcións.

As funcións das oficinas de farmacia públicas son as seguintes:

- a) Garantir o acceso á prestación farmacéutica para a poboación, estando vinculadas a os centros de saúde do sistema sanitario público.
- b) Conservar e custodiar os medicamentos e produtos sanitarios.
- c) Dispensar medicamentos e produtos sanitarios, de acordo coa prescrición médica ou enfermeira ou segundo as orientacións técnico-farmacéuticas para aqueles con autorización para seren dispensados sen receita.
- d) Emitir, no caso de dispensación de medicamentos, un recibo co contido previsto na normativa estatal aplicable. Así mesmo, no momento de dispensar un produto sanitario, emitirán un recibo no que conste o nome do produto, o seu prezo de venda ao público e a achega da persoa usuaria.
- e) Facilitar sistemas personalizados de dosificación aos/ás pacientes que o soliciten, en orde a mellorar o cumprimento terapéutico, nos tratamentos e coas condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente.
- f) Informar, aconsellar e instruír respecto dos medicamentos e produtos sanitarios que dispensen, coa incidencia en aspectos que favorezan unha correcta utilización.
- g) Colaborar no seguimento farmacoterapéutico individualizado co fin de avaliar a súa efectividade e detectar os fracasos por incumprimento terapéutico, así como de detectar as reaccións adversas e notificárllelas aos organismos de farmacovixilancia.
- h) Vixiar, controlar e custodiar as receitas médicas dispensadas, polo tempo establecido pola normativa específica.
- i) Colaborar no uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, así como na protección e promoción da saúde coas equipas de persoal de atención primaria.
- k) Participar en estudos de utilización de medicamentos, así como en estudos epidemiolóxicos. Colaborar nos estudos dos centros de saúde co resto de persoal de atención primaria.



- l) Colaborar en programas de saúde pública e drogodependencias.
- m) Colaborar coas medidas tendentes á racionalización do gasto en medicamentos, uso de xenéricos e fórmulas maxistras.
- n) Colaborar na formación para a obtención do título de grao de farmacia de acordo coas universidades e coa normativa estatal aplicable.
- ñ) Colaborar co resto do persoal de atención primaria, especialmente de traballo social do SERGAS na detección e derivación de posibles problemas socioeconómicos relacionados coa falla de adherencia terapéutica.
- m) Calquera outra que se estableza legal ou regulamentariamente.

Artigo 14. Adquisición de produtos.

O Servizo Galego de Saúde, dende a súa dirección de farmacia garantirá a provisión de produtos e fármacos para as farmacias públicas mediante a adquisición centralizada.

Artigo 15. Condicións das dependencias das oficinas de farmacia públicas.

1. As dependencias reunirán as condicións hixiénico-sanitarias precisas para prestar unha asistencia farmacéutica correcta. O SERGAS dotará ditos servizos co mobiliario e equipamento informático necesario para o axeitado desenvolvemento do traballo nos mesmos.
2. As condicións de humidade e de temperatura serán as precisas para a conservación dos medicamentos, materias primas empregadas na formulación maxistral, e produtos sanitarios que vaian dispensarse na oficina de farmacia.
3. Se respetarán as mesmas normas de construción relativas á acesibilidade, hixiene e limpeza que no resto das dependencias do SERGAS.

Artigo 16. Réxime de funcionamento interno.

O Servizo Galego de Saúde ordenará mediante resolución da Consellería de Sanidade, os horarios das oficinas públicas de farmacia, así como as posibles gardas que se poidan determinar.

O cadro de persoal será acordado cos axentes sociais mediante os instrumentos de negociación legalmente recoñecidos."

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o artigo 13.



Emenda nº11, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 19

Débase substituír no apartado 5 a seguinte expresión:
Onde di: "...herdeiros en primeiro grao..." por:
"herdeiros directos"

Emenda nº12, ao apartado 4, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:
"4. Para o cómputo das ratio teranse en conta as farmacias públicas que o Servizo Galego de Saúde constituía ao albor do disposto nesta Lei."

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 36

Débase suprimir o artigo 36

Emenda nº14, ao apartado 5, de Adición. Artigo 41

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:
"5. En función das condicións das obras e do seu impacto na atención na oficina de farmacia, a autorización de ditas obras poderá supor o peche da mesma durante o tempo que se estendan as mesmas. Nestes casos, de existir un prexuízo severo para o acceso poboacional ao servizo farmacéutico, especialmente nos núcleos poboacionais rurais cunha única oficina de farmacia, poderase autorizar un traslado provisional da oficina."

Emenda nº15, ao apartado b), de Supresión. Artigo 55

Débase suprimir na letra b) a seguinte expresión:
"...en réxime de asistidos/as."

Emenda nº16, ao apartado 1, de Adición. Artigo 58



Débesse engadir ao final do primeiro parágrafo do apartado 1 a seguinte expresión:

“No caso dos centros de carácter privado, o servizo non suporá un custe para a administración pública, establecendo as medidas pertinentes para tal fin.”

Emenda nº17, de Adición. Artigo 62

Débesse engadir un novo parágrafo ao inicio do artigo co seguinte texto:

““Os hospitais e centros da rede pública serán abastecidos por unidades de radiofarmacia públicas.”

Emenda nº18, de Adición. Título IX. Laboratorio da Farmacia Pública de Galicia

Débesse engadir entre os actuais Títulos VIII e IX un novo título co seguinte texto:

“TÍTULO IX. Laboratorio da Farmacia Pública de Galicia.

Artigo 72. Constitución do Laboratorio da Farmacia Pública de Galicia.

Polo presente artigo habilítase a constitución do Laboratorio da Farmacia Pública de Galicia.

A administración autonómica dotará de recursos suficientes para a posta en marcha e mantemento de dita infraestrutura.

Estableceranse regulamentariamente os recursos humanos, materiais e técnicos dos que disporá, así coma as normas de funcionamento interno, sen prexuízo da negociación cos axentes sociais en materia de persoal.

Artigo 73. Obxetivos.

A constitución do Laboratorio da Farmacia Pública de Galicia, terá coma obxectivos:

1.- Impulsar a investigación farmacéutica e I+D+i coma un instrumento de mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polo Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica e polo Plan de saúde.

2.- Mellorar o acceso equitativo aos fármacos e traballar contra o desabastecemento mediante a produción pública de aqueles medicamentos e produtos farmacéuticos permitidos pola Lei.

3.- Racionalizar o gasto farmacéutico mediante a obtención de fármacos e produtos propios.



4.- Colaborar na formación do académica e dos e das residentes de farmacia."

Emenda nº19, ao apartado II.3, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir despois do terceiro parágrafo do apartado II o seguinte parágrafo:

"Créanse pola presente Lei as oficinas de farmacia públicas, coma unha extensión do sistema sanitario para facer efectivo o acceso aos tratamentos farmacéuticos, mellorar a equidade para as e os doentes e o traballo en conxunto co resto do persoal sanitario do SERGAS."

Emenda nº20, ao apartado II.5, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no apartado II o quinto parágrafo ("Ademais...nos dez anos anteriores á dita data.")

Emenda nº21, ao apartado II.8, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir despois do oitavo parágrafo do apartado II o seguinte texto:

"Elimínase a obxección de conciencia garantindo a equidade no acceso das e dos doentes aos medicamentos e produtos sanitarios, facilitando o cumprimento dos dereitos en materia de saúde e igualdade entre mulleres e homes contidos na normativa vixente.

Así mesmo establécese un control da adherencia terapéutica, traballando para evitar aqueles abandonos de tratamentos derivados da situación económica ou social das persoas doentes."

Emenda nº22, ao apartado III.1, de Adición. Exposición de motivos



Débese engadir despois do primeiro parágrafo do apartado III o seguinte texto:

“ Esta Lei constitúe ademais o Laboratorio da Farmacia Pública de Galicia, colocando á nos comunidade autónoma coma pioneira na produción de fármacos e produtos farmacéuticos e en establecer un organismo para a investigación en materia fa4rmacéutica que teña coma obxectivo último o beneficio da poboación galega.”

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/04/2019 17:25:16

Luis Villares Naveira na data 29/04/2019 17:25:21



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN
FARMACÉUTICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000013).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia

Para todo o texto da lei substituír nos apartados nos que se usen as letras “J” e/ou “K” polas seguintes que corresponda, xa que estas non existen no alfabeto galego.

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Emenda de adición, artigo 1

Engadir un apartado novo co seguinte texto:

"Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galiza garantir a prestación da atención farmacéutica dentro do seu ámbito territorial."

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 2

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 2

Introducir no punto 1 despois de “interese público” o seguinte texto:

“que comprende o conxunto de actuacións tanto no ámbito asistencial como de saúde pública que deben prestarse an base á lexislación vixente”

Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición. Artigo 2

Emenda de adición apartado 1 do artigo 2:



Engadir despois de farmacéutica, o seguinte texto: “que debe prestárselle @s cidadáns”.

Emenda nº5, de Adición. Artigo 4

Emenda de adición, artigo 4

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Está prohibida a dispensación, venda ou comercialización de calquera medicamento que sexa devolto ou entregado polos/as doentes ou polo público en xeral, ás oficinas de farmacia ou a calquera outro establecemento de atención farmacéutica.”

Emenda nº6, ao apartado 4, de Adición. Artigo 5

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 5

Engadir un novo punto, que pasa a ser o 4 co seguinte texto:

"4. Queda expresamente prohibida a venda ambulante a domicilio, por correspondencia, electronicamente ou calquera outra modalidade de comercio ao público de medicamentos destinados ao uso humano ou veterinario."

Emenda nº7, ao apartado 5, de Adición. Artigo 5

Emenda de adición, apartado 5 do artigo 5

Engadir un novo punto 5 co seguinte texto:

"5. Queda tamén prohibida a intermediación con ánimo de lucro de terceiras persoas, entidades ou empresas na dispensación de medicamentos entre establecementos autorizados e os/as cidadáns."

Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6



Emenda de adición, apartado 2 do artigo 6

Engadir despois de: “mediante cal”, o seguinte texto: “os servizos de Farmacia Hospitalaria do”.

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 7

No punto 1 engadir despois de: “previstos nesta lei”, o seguinte texto: “son establecementos sanitarios nos que na súa condición de servizo de interés público se desenvolverán as seguintes funcións e obrigas”

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 9

Emenda de supresión, artigo 9

Supresión de todo o artigo.

Emenda nº11, ao apartado c), de Adición. Artigo 12

Emenda de adición, apartado c) do artigo 12

Engadir ao final do apartado c) o seguinte texto: “baixo a responsabilidade e supervisión dun/dunha farmacéutico/a.”

Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición. Artigo 16

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 16

Engadir ao final do apartado 1 o seguinte texto:

“e serán accesíbeis para as persoas con diversidade funcional”

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 19



Emenda de adición, apartado 1 do artigo 19

Engadir ao final do apartado 1 o seguinte texto: “ A oficina de farmacia sacarase a concurso no seguinte concurso que se convoque.”

Emenda nº14, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 19

Emenda de adición, subapartado a), apartado 1 do artigo 19

Engadir no apartado 1 un subapartado a) co seguinte texto:

“a) a autorización de designación de farmacéutic@ rexente realizárase pola Consellaría competente en materia de sanidade, previa comprobación de que o designado polo titular, herdeiros/as ou representante legal cumpre cos requisitos establecidos.”

Emenda nº15, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 19

Emenda de supresión, apartado 5 do artigo 19

Suprimir o apartado 5.

Emenda nº16, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 21

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 21

Eliminar no apartado todo o parágrafo que empeza: “No suposto....”, até: “...funcións”.

Emenda nº17, ao apartado 2, de Adición. Artigo 21

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 21

Engadir no punto 2 despois de: "volume", o seguinte: "de receitas".



Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 25

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 25

No apartado 2 substituír na segunda línea, donde dí: "de maneira habitual", por: "debe estar garantida".

Emenda nº19, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 26

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 26

Engadir no apartado 1 despois de: "farmacia", o seguinte: "ou botica".

Emenda nº20, ao apartado 4, de Adición. Artigo 26

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 26

Engadir no apartado 4 despois de: "farmacia", o seguinte: "ou botica".

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 27

Emenda de substitución, apartado 1 do artigo 27

No apartado 1 substituír: "en réxime de liberdade e flexibilidade horaria, dentro do necesario respecto ao", polo seguinte texto: "á cidadanía de forma continuada tendo en conta o".

Emenda nº22, ao apartado 2.a), de Substitución. Artigo 27

Emenda de substitución, subapartado a) do apartado 2 do artigo 27

No punto 2 do apartado a) substituír: "previo informe dos", por: "oídos os".



Emenda nº23, ao apartado 7, de Adición. Artigo 27

Emenda de adición, apartado 7 do artigo 27

No apartado 7 engadir despois de: “visíbel desde o exterior”, polo seguinte: “redactado cando menos en lingua galega”.

Emenda nº24, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 28

Emenda de substitución, apartado 1 do artigo 28

Substituír o apartado 1 polo seguinte texto:

"A planificación farmecéutica constitúe a previsión do número mínimo de oficinas de farmacia que precisa cada zona farmacéutica para acadar un equitativo acceso á atención farmacéutica da poboación de Galiza e sin cúa garantía non poderán instalarse novas oficinas de farmacia conforme ao libre exercicio profesional. A planificación das oficinas de farmacia realizarase en base ás necesidades de atención farmacéutica da poboación."

Emenda nº25, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 30

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 30

No punto 2 substituír “poderá” por “terá que”.

Emenda nº26, ao apartado 1, de Adición. Artigo 31

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 31

No apartado 1 engadir despois de: “público”, o seguinte: “ou concertado coa Xunta”.

Emenda nº27, ao apartado 1, de Adición. Artigo 31



Emenda de adición, apartado 1 do artigo 31

No apartado 1 engadir despois de: “asistencia sanitaria”, o seguinte texto: “ou socio-sanitaria”.

Emenda nº28, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 33

Emenda de adición, subapartado a) do apartado 1 do artigo 33

Engadir un novo subapartado a) co seguinte texto:

"a) Os servizos e establecementos regulados pola presente lei están suxeitos a rexistro e catalogación, avaliación, inspección e control."

Emenda nº29, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 33

Emenda de adición, subapartado b) do apartado 1 do artigo 33

Engadir un novo subapartado b) co seguinte texto:

"b) Con carácter previo á apertura tanto por nova instalación como por traslado, modificación ou ampliación das instalacións, realizarase visita de inspección para comprobar que se cumpren todos os requisitos establecidos, levantándose a correspondente acta de inspección."

Emenda nº30, ao apartado 1, de Adición. Artigo 37

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 37

No apartado 1 despois de: "convocará", engádese o seguinte: “como mínimo cada catro anos, e será publicado no DOG no primeiro semestre do ano”.

Emenda nº31, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 37

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 37



No apartado 2 ao final do parágrafo substituír: “ nos dez anos anteriores”, por: “nos 15 anos anteriores”.

Emenda nº32, ao apartado 4, de Adición. Artigo 37

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 37

Engadir un novo apartado que pasa a ser o 4 co seguinte texto:
“4. Os méritos alegados nos expedientes de creación dunha oficina de farmacia por quenes sexan adxudicatarias/os de autorización de funcionamento da mesma, non poderán ser tidos en conta nos sucesivos expedientes de creación de oficinas de farmacia.”

Emenda nº33, ao apartado 3.c), de Adición. Artigo 39

Emenda de adición, subapartado c) do apartado 3 do artigo 39

No subapartado c) do apartado 3 engadir despois de: “ do servizo farmaceútico”, o seguinte: “ou se quede sen oficina de farmacia”.

Emenda nº34, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 42

Emenda de adición, subapartado a) do apartado 2 do artigo 42

No apartado 2 engadir un novo subapartado a) co seguinte texto:

"a) A transmisión das oficinas de farmacia estará suxeita a autorización da Consellaría competente en materia de sanidade. Previamente á transmisión, a persoa transmitente comunicará á Administración sanitaria o prezo e ad demais condicións xerais da transmisión."

Emenda nº35, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 42

Emenda de adición subapartado b) do apartado 2 do artigo 42



Engadir un novo subapartado b) no apartado 2 co seguinte texto:

"b)A administración sanitaria fará público, mediante anuncio no DOG, a apertura dun concurso de méritos para determinar a orde de preferencia para a transmisión entre todas as persoas que acepten as condicións da oferta efectuada polo transmitente, nos termos en que figure reflexada esta no expediente administrativo. A transmisión autorizarase, unha vez valorados os méritos das persoas solicitantes, en favor da que alcance maior puntuación."

Emenda nº36, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 43

Emenda de substitución, apartado 1 do artigo 43

No apartado 1, no segundo parágrafo substituír: "solicitude de nomeamento", por: "proposta de nomeamento".

Emenda nº37, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 43

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 43

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº38, ao apartado 2, de Adición. Artigo 46

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 46

No apartado 2 engadir ao final o seguinte texto:

Emenda nº39, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 46

Emenda de modificación, apartado 4 do artigo 46

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:



"4. Será motivo para revogar a autorización e sacar a concurso unha oficina de farmacia os seguintes supostos:"

Pasando os subapartados c) d) e) f) g) e h) a ser numeros respectivamente a) b) c) d) e) f)

Emenda nº40, ao apartado 1, de Adición. Artigo 48

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 48

No apartado 1 engadir despois de: "afastamento", o seguinte: "falta de equidade".

Emenda nº41, ao apartado 4, de Adición. Artigo 49

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 49

Engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

"A atención do botiquín será realizada por farmacéutico/a que preste os seus servizos na oficina de farmacia titular, debendo garantir o/a titular o servizo en ambos establecementos con farmacéutico/a titular."

Emenda nº42, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 52

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 52

No apartado 2 substituír: "deberán constituírse depósitos de medicamentos nos centros do sistema público de atención primaria", por: "En todos os centros de saúde autorizarase a existencia de depósitos de medicamentos ou botiquíns".

Emenda nº43, de Substitución. Artigo 54

Emenda de substitución, artigo 54

Substituír: "centros de asistencia social", por: "centros socio-sanitarios".



Emenda nº44, ao apartado 2, de Adición. Artigo 54

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 54

Engadir un novo apartado 2 co seguinte texto:

"2. Aos efectos desta lei terán a consideración de centros socio-sanitarios aqueles que atendas a sectores de poboación tais como persoas mióres, discapacitadas, internos en centros penitenciarios e calesqueira outras cuas condicións de saúde requiran, ademais da atención social, determinada asistencia sanitaria."

Emenda nº45, ao apartado a), de Supresión. Artigo 55

Emenda de supresión, apartado a) do artigo 55

No apartado a) eliminar: "que teñan máis de 100 camas".

Emenda nº46, ao apartado b), de Supresión. Artigo 55

Emenda de supresión, apartado b) do artigo 55

No apartado b) eliminar "letra a)".

Emenda nº47, ao apartado b), de Substitución. Artigo 55

Emenda de substitución, apartado b) do artigo 55

No apartado b) substituír: "asistencia social", por: "asistencia socio-sanitaria".

Emenda nº48, de Substitución. Artigo 56

Emenda de substitución, artigo 56



No primeiro parágrafo substituír: "asistencia social", por:
"asistencia socio-sanitaria".

Emenda nº49, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 57

Emenda de substitución, apartado 3 do artigo 57

No apartado 3 substituír: "asistencia social", por "asistencia
socio-sanitaria".

Emenda nº50, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 58

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 58

Suprimir en todo o apartado 1: "Os hospitais".

Emenda nº51, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 58

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 58

No apartado 1 suprimir a partir de: "No suposto de que se
trate", até o fina do parágrafo.

Emenda nº52, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 58

Emenda de substitución, apartado 1 do artigo 58

No apartado 1 substituír: "asistencia social", por: "asistencia
socio-sanitaria".

Emenda nº53, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 58

Emenda de substitución, apartado 3 do artigo 58





No apartado 3 substituír: "centros de asistencia social", por:
"centros socio-sanitarios".

Asinado dixitalmente por:

**María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2019
17:29:16**

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2019 17:29:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **49478**, motivada por un erro na introdución das emendas na aplicación informática.

Onde dí:

“Emenda nº38, ao apartado 2, de Adición. Artigo 46

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 46

No apartado 2 engadir ao final o seguinte texto:”

Debe dicir:

“Emenda nº38, ao apartado 2, de Adición. Artigo 46

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 46

No apartado 2 engadir ao final o seguinte texto:

“Antes de autorizar o peche definitivo voluntario dunha oficina de farmacia esta sacarase a concurso para garantir a asistencia sanitaria as persoas usuarias e os/as doentes”.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2019 10:41:29



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA
DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000013).**

Emenda nº1, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 6

Débese substituír "Servizo Galego de Saúde" por "servizo de farmacia hospitalaria correspondente".

Emenda nº2, ao apartado 1, de Adición. Artigo 21

Débese engadir 'in fine' o seguinte texto: "para realizar as funcións propias de farmacéutico/a e aquelas que por mor da súa titulación poidan ser levadas a cabo".

Emenda nº3, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 36

Débese substituír o texto do apartado 4 polo seguinte:

"4. O outorgamento da autorización por resolución firme na vía administrativa, dunha oficina de farmacia de nova apertura a un/unha farmacéutico/a que xa fora titular ou cotitular dunha, determinará automaticamente a perda da autorización relativa a esta última, aínda en caso de renuncia á nova oficina adxudicada.

Non obstante, en caso de que contra a resolución de autorización se recorre en vía xurisdiccional, a oficina de farmacia que anteriormente fose de titularidade do adxudicatario/a ou adxudicatarios/as, non entrará en concurso ata que recaia sentenza firme.

Asemade, no caso de adoptarse medida cautelar de suspensión da dita resolución no concurso, o/a farmacéutico/a interesado/a manterá a titularidade da oficina de farmacia que xa posuía ata que recaia sentenza firme. Se a dita sentenza anulase a autorización de adxudicación realizada no concurso,



o interesado seguirá sendo titular da oficina que xa posúa antes do mesmo. Se, pola contra, a sentenza recaída desestima o recurso interposto fronte á resolución de autorización, procederase de acordo co sinalado no primeiro parágrafo deste número."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 58

Débese engadir un novo artigo 58 bis co seguinte contido:

"Artigo 58 bis. Atención farmacéutica en Institucións Penitenciarias.

1. Os centros penitenciarios deberán establecer Servizos de Farmacia ou Depósitos de Medicamentos que reunirán os requisitos xerais establecidos nos artigos 57 e 58 e serán debidamente autorizados nos termos que regulamentariamente se determinen.
 2. Os Depósitos de medicamentos destes centros poderán vincularse aos Servizos Farmacéuticos doutros centros penitenciarios ou aos Servizos de Farmacia de hospitais da rede pública.
 3. As funcións de tales unidades asistenciais serán as establecidas no artigo 56."
-

Emenda nº5, de Supresión. Exposición de motivos

No final do sexto parágrafo da parte II da exposición de motivos débese suprimir a frase "para efectos de garantir a prestación dun servizo de calidade e coas máximas garantías, polo indubidable impacto que este ten na saúde da cidadanía".

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/04/2019 17:56:46



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

